

Catro veciños do Val Miñor detidos como presuntos autores de roubos no Val Miñor.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Xoves, 01 Outubro 2015 10:17



A investigación desenvolvida polo Posto Principal de Baiona-Nigrán permitiu esclarecer polo menos unha decena de roubos con forza nos tres municipios da comarca, detendo a catro persoas do Val Miñor.

Un dos arrestados estaba rehabilitando a súa vivenda en Santa María de Oia co material e enseres roubados.

Os rexistros practicados onte nos domicilios de dous dos imputados, en Gondomar e en San Miguel de Oia, permitiron ademais recuperar parte do material subtraído ao longo dos últimos meses. Con esta operación, denominada MX e a recente culminada en Madrid na que se colaborou coa Policía Nacional, baixo o nome de "Guantes", a Garda Civil considera resoltos os máis de trinta roubos que se denunciaron nesta demarcación desde o 2014.

Neste caso, o obxectivo principal dos asaltantes eran as obras en construción e as vivendas deshabitadas, de onde levaban desde os electrodomésticos até o material eléctrico e as ferramentas. **De feito, na vivenda que un dos arrestados está a rehabilitar en Santa María**

Catro veciños do Val Miñor detidos como presuntos autores de roubos no Val Miñor.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Xoves, 01 Outubro 2015 10:17

de Oia, localizáronse numerosos materiais e efectos procedentes dos roubos que o mozo empregaba para a construción da súa propia casa.

No rexistro practicado en Gondomar, incautáronse **varias das bicicletas** cuxo roubo se lle atribúe a este grupo, con gran predilección e

especialización en compra-venda de repostos de bicicletas

xa que as subtraían e desmontábanas p

ara poder vendelas por partes

En Gondomar púidose identificar un posto de compra-venda habitual de pezas de bicicleta sen autorización

ao que os coñecidos acudían con asiduidade para intercambiar efectos relacionados con esta disciplina. Ademais de catro bicicletas completas, recuperáronse numerosas pezas como rodas, cadeas, pinzas ou cadros cuxo orixe se está investigando.

Outro dos escenarios principais do grupo eran os bares de comisións de festas ou de campos de fútbol. Deles servían de bebidas e alimentos que se subtraeron en varias ocasións, chegando a levar unha neveira enteira dunha das comisións afectadas.

A dous dos detidos: L.G.C.P., de 28 anos, veciño de Gondomar, pero natural de Vigo, do mesmo xeito que J.D.P.P., de 32, considéraselles os xefes do grupo.

Tras ser arrestados, pasaron a disposición do xulgado Número 6 dos de Instrución de Vigo, encargado do caso. Os outros dous mozos: D.Q.A., de 21 anos e natural de Nigrán, residente en Baiona e E.M.P., de 29 e con domicilio en Gondomar, considéraselles colaboradores puntuais. Tamén foron arrestados o martes día 29 pero quedaron en liberdade pendentes de ser requiridos pola autoridade competente.

Os efectos recuperados, do mesmo xeito que se esta facendo cos da Operación Guantes, faranse chegar aos seus lexítimos propietarios en función das denuncias que presentaron no seu día e da identificación visual dos mesmos.